



Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas

O artigo 58.5 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece que “as federacións deportivas galegas desenvolverán os procesos electorais para a elección dos seus órganos de goberno e de representación de acordo aos seus respectivos regulamentos electorais, que deberán axustarse ao disposto na normativa que para ese efecto estableza a Administración autonómica, así como ser aprobados por esta con anterioridade á realización efectiva do proceso electoral”.

Consonte a estas previsións, o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas (diario oficial de 16 de febreiro), viu a axustar o proceso electoral das federacións deportivas da Comunidade Autónoma ao novo marco legal do deporte en Galicia.

A presente modificación procura para este sistema electoral unha serie de melloras que se integran, complementándoo, no réxime xurídico en vigor. Recóllense así distintos e concretos aspectos directamente dirixidos ao establecemento nas federacións deportivas de procesos electorais mais libres e transparentes, con igualdade de condicións e coa maior garantía para o exercicio do dereito de sufraxio polos electores, concretándose en distintas previsións de natureza organizativa e procedimental en sintonía coas pautas legais establecidas polo lexislador, sen alterar os seus aspectos e elementos esenciais, e coa xurisprudencia ditada sobre a materia.

Sobre estas premisas, o presente decreto aborda distintas modificacións relativas aos órganos electorais, aos requisitos dos electores e de elixibilidade, aos censos electorais, ao propio desenvolvemento do proceso electoral ou ao exercicio do dereito de voto por correo, entre outros aspectos, todos eles encamiñados á fortalecer un sistema electoral sobre o que afianzar o funcionamento democrático das federacións deportivas, en canto entidades que, xunto á súa natureza privada, configúranse como axentes colaboradores da administración pública ao exercer, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo. Asemade, establécese tamén como importante novidade, e de forma xenérica a todo o texto, a referencia ao cómputo de prazos por días hábiles (fronte ao sistema do decreto 16/2018, do 15 de febreiro, que se refería a días naturais), profundándose nun sistema mais garantista para o conxunto dos interesados.

Para a tramitación do presente texto seguiu-se o procedemento establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,



cumpríronse ademais os trámites previstos na normativa en materia de transparencia mediante a participación da cidadanía en xeral, e dos axentes e entidades deportivas afectadas, en particular.

Na súa virtude, por proposta do titular da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de acordo co/oído ditame do Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de de ... de dous mil vinte,

DISPOÑO:

Artigo Único. Modificación do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

O Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 3, *Da composición e duración da comisión xestora*, queda redactado do seguinte modo:

“1. A comisión xestora estará conformada por un máximo de oito vogais e un presidente. Os vogais serán designados por partes iguais entre a comisión delegada, ou a asemblea xeral de non existir esta, e a xunta directiva antes da súa disolución.

Os vogais designados pola comisión delegada deberán representar, seguindo esta orde, aos estamentos de entidades deportivas, deportistas, xuíces e adestradores, elixíndose tamén un suplente por cada estamento. Entre os vogais elixidos pola xunta directiva se deberán incluír as persoas que exerzan as funcións da secretaría e tesouraría da federación.

A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen presida a federación ou, no caso de cesar nesta condición por finalizar o seu mandato, por renuncia ou por presentar a candidatura a membro da asemblea ou á presidencia da federación, a quen sexa elixido para tal función por e entre as persoas que integren a comisión xestora.”

Dous. O artigo 6, *Da composición e duración da xunta electoral*, queda redactado do seguinte modo:

“1. A xunta electoral estará integrada por tres vogais e un presidente. O presidente será nomeado pola Secretaría Xeral para o Deporte entre profesionais de recoñecido prestixio e licenciados en dereito, ao que lle será de aplicación o réxime disposto para os membros do Comité Galego de Xustiza Deportiva no ámbito das recusacións, abstencións e incompatibilidades.



2. Os vogais serán elixidos e designados pola asemblea xeral na mesma sesión en que se aprobe o regulamento electoral entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. De non existir candidaturas, serán designadas pola comisión delegada e, de non existir esta, pola persoa titular da presidencia da federación, no prazo de tres días hábiles desde a celebración da dita asemblea. A elección e designación dos vogais incluírá tamén a dos seus suplentes.

3. O regulamento electoral determinará o réxime de incompatibilidades dos vogais da xunta electoral, a súa forma de constitución, competencias, regras de funcionamento, sede e réxime de publicidade dos acordos que adopte.

4. As candidaturas a vogais deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser maior de 18 anos.

b) Ter, cando menos, o título de bacharelato ou equivalente.

c) Non formar parte dos órganos de goberno da federación, nin da comisión xestora nin desempeñar postos directivos na federación. No suposto de presentarse como candidato a membro da asemblea xeral ou á presidencia da federación cesará no seu posto na xunta electoral e será substituído polo suplente.

d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

e) Aceptar expresamente o cargo de membro da xunta electoral.

5. Poderán ser candidatas a vogais da xunta electoral persoas que non teñan a condición de federada ou de asembleístas.

6. As persoas integrantes da xunta electoral elixirán entre elas a persoa que exercerá das funcións da secretaría. Na súa falta, desempeñará este posto o vogal de menor idade da xunta electoral.

7. A xunta electoral constituirase no prazo máximo de dous días desde a data da convocatoria do proceso electoral.

8. Ao día seguinte da constitución da xunta electoral, a persoa que realice as funcións da secretaría enviará á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de persoas que constitúen a xunta electoral.

9. O mandato das persoas membros da xunta electoral será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral, e as eventuais vacantes que se produzan serán cubertas polo mesmo procedemento e cunha duración polo tempo restante ata a convocatoria do seguinte proceso electoral.

10. A elección dos vogais titulares e suplentes poderá impugnarse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do acordo de convocatoria de eleccións”.

Tres. O número 2 do artigo 7, *Das funcións da xunta electoral*, queda redactado do seguinte modo:



“2. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos e non será admisible a abstención. En caso de empate será dirimente o voto do presidente.”

Catro. Os números 1 e 2 do artigo 8, *Das persoas electoras e elixibles á asemblea electoral*, quedan redactados do seguinte modo:

“1. Poderán ser electores e elixibles a membros da asemblea xeral:

a) Nos estamentos constituídos por persoas físicas, as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade na data de celebración das votacións.
- Ter licenza federativa en vigor por esa federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións, e as dúas tempadas anteriores á súa celebración.
- Ter participado nas dúas tempadas anteriores á de celebración das eleccións, nunha competición oficial celebrada por tempada. Este requisito non será esixido para o caso dos xuíces e árbitros. As federacións, nas cales por causa de forza maior non se puidesen desenvolver competicións ou actividades deportivas no período indicado anteriormente, deberán atender ao último calendario oficial desenvolvido.
- Será requisito de elixibilidade non estar inhabilitadas para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

Nas modalidades ou especialidades deportivas en que a actividade deportiva non ten carácter competitivo, será suficiente con ter licenza federativa en vigor na data de convocatoria das eleccións e desde xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións.

b) No estamento de entidades deportivas serán electores e elixibles as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Inscripción desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións, na federación correspondente e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Participación desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións, alomenos, nunha competición oficial por cada tempada. As federacións e especialidades deportivas que, por causa de forza maior, non puidesen desenvolver competicións ou actividades deportivas no período indicado anteriormente, deberán atender ao último calendario oficial desenvolvido.
- Non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes segundo a normativa federativa. A efectos electorais, equipararanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, compartan a lo menos un 50% das súas licenzas.

2. Entenderanse como competición deportiva oficial a incluída como tal no calendario oficial da respectiva federación deportiva de Galicia ou a así cualificada pola Secretaría Xeral para o Deporte. Tamén se considerarán as competicións estatais e internacionais



oficiais da respectiva federación española ou internacional ás cales a federación deportiva galega estea adscrita.”

Cinco. O número 2 do artigo 9, *Das persoas electoras e elixibles á presidencia da federación e á comisión delegada*, queda redactado do seguinte modo:

“2. Poderán ser elixibles para a presidencia da federación as persoas que cumbran, na data de celebración da elección, os seguintes requisitos:

a) Calquera persoa maior de idade que presente unha candidatura, sexa ou non asembleísta ou afiliada á federación deportiva, debendo estar avalada a súa candidatura polo 10% dos membros da asemblea.

b) Non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

c) Non ter incorrido en delitos contra á facenda pública da Administración xeral do Estado ou da Administración Autonómica nin contra a Seguridade Social, o que se acreditará mediante a presentación da correspondente declaración responsable polo interesado.”

Seis. Os números 1 e 2 do artigo 11, *Do contido do censo electoral*, quedan redactados do seguinte modo:

“1. O censo electoral estará ordenado alfabeticamente por apelidos e nome e, de ser o caso, en listas separadas por especialidades deportivas, polos distintos estamentos deportivos de cada federación e por circunscrición electoral.

2. No censo electoral incluíranse os seguintes datos:

a) No caso de persoas físicas: nome, apelidos, enderezo, correo electrónico, número de licenza federativa, número de DNI, pasaporte ou, se é o caso, de autorización de residencia (só aparecerán os catro últimos números), club de pertenza e consideración de deportistas de alto nivel e, cando así proceda, especialidade deportiva. No caso das persoas deportistas e técnicas, o enderezo e o correo electrónico para estes efectos será o do seu club ou o que estas indiquen expresamente para o efecto.

b) No caso das entidades deportivas: nome, denominación ou razón social, enderezo, número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, correo electrónico, identificación do representante legal que exercerá o dereito a voto, e cando así proceda especialidade deportiva. No censo figurará como representante a persoa que desempeña a presidencia da entidade deportiva, agás que esta representación recaia nunha persoa da xunta directiva, o que se acreditará mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

c) En relación con outros colectivos interesados, se os houber: as dúas anteriores alíneas que lles sexan de aplicación segundo sexan persoas físicas ou xurídicas.”



Sete. Os números 2 e 3 do artigo 12, *Do censo electoral inicial*, quedan redactados do seguinte modo:

“2. Este censo será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e nas súas delegacións, así como na paxina web da federación nunha sección denominada «procesos electorais», durante catorce (14) días hábiles para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións, mediante escrito remitido á xunta directiva, que valorará os escritos presentados e procederá, se é o caso, á emenda ou corrección do censo electoral inicial no prazo de cinco (5) días hábiles.

No citado prazo, as entidades poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

3. Rematado este prazo, remitirase o censo electoral inicial xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo de dez (10) días e en soporte informático apto para tratamento de textos e datos, e irá acompañado dunha relación das competicións oficiais de acordo cos calendarios deportivos oficiais aprobados da tempada do ano en que se celebran as eleccións e as dos dous anos anteriores.”

Oito. Os números 4 e 5 do artigo 13, *Do censo electoral inicial*, quedan redactados do seguinte modo:

“4. Rematado o prazo de exposición pública, a xunta electoral resolverá as reclamacións expresamente no prazo de cinco (5) días hábiles. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada. Co obxecto de facilitar á Xunta electoral a resolución dos recursos electorais fronte ao censo electoral provisional, a secretaría da federación remitirá á Xunta electoral xunto co censo electoral provisional o listado das competicións oficiais que se tiveron en conta para a súa elaboración e os resultados de ditas competicións; para o caso de que exista estamento de organizadores, o listado incluírá, no seu caso, o nome do organizador da competición se non fose a propia federación deportiva galega. Este listado será obxecto de publicación na páxinas web da respectiva federación, tanto na principal como na sección «procesos electorais», e da Secretaría Xeral para o Deporte no caso de que a federación non dispoña dela.

5. Contra a resolución das reclamacións ao censo electoral provisional poderá interpoñerse, no prazo establecido no artigo 51.3 deste Decreto recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolvelo nun prazo de cinco (5) días hábiles.”

Nove. Os números 3 e 4 do artigo 14, *Do censo electoral definitivo*, quedan redactados do seguinte modo:



“3. De conformidade co previsto no artigo 34.4 do presente decreto, correspóndelle á xunta electoral aprobar os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición por especialidade e por estamento, cando os ditos cambios veñan impostos polas variacións ou modificacións do censo electoral provisional. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de cinco (5) días hábiles.

“4. Resoltas as impugnacións contra o censo electoral provisional, o censo definitivo será aprobado pola xunta electoral, publicado na páxina web da federación e remitido á Secretaría Xeral para o Deporte que tamén o publicará na súa web”.

Dez. Os números 4 e 6 do artigo 15, *Convocatoria*, quedan redactados do seguinte modo:

“4. A convocatoria do proceso electoral publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións territoriais se as houber, así como na páxinas web da respectiva federación, tanto na principal como na sección «procesos electorais», e da Secretaría Xeral para o Deporte no caso de que a federación non dispoña dela. Todas as seccións antes referidas serán de acceso libre sen necesidade de rexistro previo do usuario para o seu acceso. A convocatoria deberá conter cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e en todo caso:

- a) O calendario electoral.
- b) O censo electoral provisional.
- c) A distribución do número de persoas membros da asemblea xeral por especialidades, estamentos e circunscricións electorais que deberá reflectir a distribución inicial establecida no regulamento electoral do número de representantes asignado a cada circunscrición por especialidade e por estamento.
- d) A data de celebración e o horario das votacións.
- e) Os modelos oficiais de sobres e papeletas de acordo co anexo I do presente decreto.
- f) O regulamento electoral.
- g) O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.
- h) A forma de remisión da documentación á xunta electoral.
- i) A composición nominal da xunta electoral e os prazos para a súa recusación, así como os enderezos postal e electrónico da xunta electoral. Este último deberá ser independente de calquera outro correo electrónico da federación.

6. O acto da convocatoria poderá ser impugnado ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nun prazo de tres (3) días hábiles desde a data da súa completa publicación.”

Once. O número 1 do artigo 17, *Da aprobación do regulamento electoral*, queda redactado do seguinte modo:

“1. O regulamento electoral deberá ser aprobado pola asemblea xeral convocada para o efecto. Esta asemblea xeral deberá ser convocada cun prazo de antelación mínimo de



dez (10) días hábiles e o proxecto de regulamento electoral notificaráselles a todas as persoas asembleístas con esa antelación e será publicado de xeito destacado na páxina web da federación deportiva na sección «procesos electorais» coa finalidade de que poidan formular as alegacións que consideren convenientes.”

Doce. A letra e) do número 1 do artigo 18, *Do contido do regulamento electoral*, queda redactado do seguinte modo:

“e) A localización e o horario da mesa ou mesas electorais, incluída a do voto por correo.

Trece. O número 3 do artigo 19, *Calendario electoral*, queda redactado do seguinte modo:

“3. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderanse días hábiles e expirarán ás 14.00 horas do derradeiro día de prazo salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día en que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores da entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.”

Catorce. O número 1 do artigo 24, *Da mesa electoral para a votación a persoas candidatas da asemblea xeral*, queda redactado do seguinte modo:

“1. A mesa electoral para a votación das candidaturas da asemblea xeral constituirase en cada circunscrición electoral e no lugar que se determine no regulamento electoral. No suposto en que a circunscrición electoral sexa autonómica constituiranse como mínimo dous mesas electorais, unha nas provincias de A Coruña e Lugo e outra nas de Ourense e Pontevedra.”

Quince. O artigo 27, *Mesa electoral de voto por correo*, queda redactado do seguinte modo:

“A xunta electoral de cada federación deportiva designará unha mesa electoral do voto por correo que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto nos artigos 24 e 25 do presente decreto coas seguintes peculiaridades:

- a) A súa sede será a da Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Constituirase ás 16.00 horas do segundo día hábil seguinte á data de celebración da votación presencial. O secretario da xunta electoral deberá achegar a esta mesa electoral o censo definitivo cos votos presenciais co obxecto de non computar o voto por correo de aqueles votaron presencialmente.
- c) Formará parte da mesa como vogal, unha persoa que teña a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte.”

Dezaseis. O número 4 do artigo 28, *Da mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación*, queda redactado do seguinte modo:



“4. Non poderán formar parte da mesa electoral regulada neste artigo as persoas candidatas á presidencia da federación deportiva.”

Dezasete. O número 2 do artigo 32, *Da votación*, queda redactado do seguinte modo:

“2. A data da votación deberá ser un sábado, domingo ou un día festivo, agás que a Secretaría Xeral para o Deporte autorice outro día despois de analizar a memoria xustificativa que deberá acompañar neste caso ao regulamento electoral. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria, que non poderá ser inferior a catro horas ininterrompidas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste suposto, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.”

Dezaoito. O número 7 do artigo 33, *Composición da asemblea xeral*, queda redactado do seguinte modo:

“7. A persoa titular da presidencia da federación será membro nato da asemblea xeral. Asemade, no estamento de clubs e unicamente respecto da modalidade principal da federación, serán tamén membros natos da asemblea xeral:

- a) Se a asemblea está formada por máis de quince representantes do estamento de clubs, os cinco que contén cun maior número de licenzas e os outros cinco que teñan participado no maior número de competicións oficiais ou actividades oficiais, no caso de federacións nas que as actividades deportivas máis relevantes non sexan actividades competitivas. Para a determinación dos membros natos pola participación en competicións ou actividades, valorarase tanto o número de competicións ou actividades en que se participa como o número de deportistas participantes.
- b) Se a asemblea está formada por quince ou menos clubs, dous por cada un dos dous supostos anteriores.

Nos casos de empate nalgunha destas categorías, será membro nato o club que conte con máis méritos na outra categoría e, de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para o club con máis antigüidade na súa afiliación á federación. Os datos referiranse ao ano inmediatamente anterior ao da convocatoria de eleccións.

No caso de que un club teña méritos para obter representación na asemblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polos clubs candidatos á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de clubs.

Os clubs deberán estar incluídos no censo electoral definitivo. Aqueles clubs que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a xunta electoral, no prazo de reclamacións ao censo provisional establecido no artigo 13. A xunta electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web. Para os efectos de publicidade e posibles recursos observarase o disposto respecto ao censo electoral provisional.”



Dezanove. Os números 1, 3 e 4 do artigo 35, *Das persoas candidatas a asemblea xeral*, quedan redactados do seguinte modo:

“1. Poderá ser candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establecerase un prazo que non será inferior a tres (3) días nin superior a sete (7) días hábiles contados desde a publicación do censo definitivo.

3. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, nun prazo non inferior a tres (3) días nin superior a cinco (5) días hábiles, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

4. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres (3) días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de sete (7) días hábiles.”

Vinte. Os números 2, 6 e 7 do artigo 36, *Das candidaturas á presidencia dunha federación deportiva galega*, quedan redactados do seguinte modo:

“2. O prazo para presentar as candidaturas será de cinco (5) días hábiles contados desde a proclamación definitiva de persoas membros da asemblea xeral.

6. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, nun prazo non inferior a tres (3) días nin superior a cinco (5) días hábiles, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

7. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres (3) días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de sete (7) días hábiles.”

Vinte e un. O número 2 do artigo 37, *Proclamación das persoas electas*, queda redactado do seguinte modo:

“2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse, no prazo de tres (3) días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver nun prazo de sete (7) días hábiles.”

Vinte e dous. O número 1 do artigo 38, *Constitución da asemblea xeral*, queda redactado do seguinte modo:

“1. As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán posesión do seu cargo antes da súa sesión constitutiva na forma establecida no regulamento electoral e no prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde a súa proclamación definitiva. A sesión constitutiva terá lugar na sede federativa ou no lugar establecido ao efecto polo regulamento electoral. Entre a data da proclamación definitiva de persoas membros da asemblea xeral e a data da sesión constitutiva da asemblea xeral para a elección da



presidencia da federación deben transcorrer, como mínimo, un prazo de dez (10) días hábiles.”

Vinte e tres. Os números 4, 6, 7, 8 e 9 do artigo 39, *Elección da presidencia da federación*, quedan redactados do seguinte modo:

“4. Se non se presentase ningunha candidatura ou non é válida ningunha das presentadas, realizarase pola comisión xestora unha nova convocatoria da asemblea xeral nun prazo non inferior a sete días nin superior a catorce (14) días hábiles.

6. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da lista definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación aqueles dúas candidaturas que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10 % dos votos das persoas membros presentes pasará tamén á seguinte votación a seguinte ou seguintes, en caso de empates, candidaturas en número de votos. Se algunha candidatura acada a maioría absoluta dos votos nesta primeira votación, será proclamada presidenta da federación.

7. Na segunda votación será elixida presidenta da federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

8. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda votación, resultando elixida a que obteña maioría de votos emitidos. Para o caso de empate, resolverase a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na segunda votación e, de persistir o empate, a candidatura que obtivera maior número de votos na primeira votación e no caso de persistir o empate, a favor da persoa candidata de maior idade.

9. Rematada a elección, a secretaría da mesa electoral levantará a acta correspondente, que se expoñerá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación nunha sección denominada «procesos electorais» xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional da persoa elixida presidente/a da federación deportiva. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpoñer, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.”

Vinte e catro. O número 6 do artigo 40, *Constitución da mesa electoral*, queda redactado do seguinte modo:

“6. A mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo para cada unha das persoas integrantes da mesa.”

Vinte e cinco. O número 3 do artigo 41, *Das votacións*, queda redactado do seguinte modo:



“3. O dereito a votar será acreditado pola inscrición da persoa electora no censo electoral”.

Vinte e seis. O número 9 do artigo 42, *Escrutinio*, queda redactado do seguinte modo:

“9. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación nunha sección denominada «procesos electorais» , desde o día seguinte das votacións e durante dous (2) días.

Vinte e sete. O artigo 44, *Do voto por correspondencia*, queda redactado do seguinte modo:

“1. Poderá exercerse o voto por correo nas votacións para membros da asemblea xeral. O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

2. A solicitude do voto por correo poderá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco (5) días despois da publicación do censo definitivo, de conformidade co seguinte procedemento:

a) A solicitude realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida á Secretaría Xeral para o Deporte (Anexo II). Se o interesado a presentara presencialmente, requiriráselle para que emende o trámite a través da súa presentación electrónica, considerándose a estes efectos como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como o seu representante.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición do solicitante no censo electoral, e enviará ao interesado por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introdúcese dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou permiso equivalente.

d) A presentación do voto na oficina de Correos deberá realizarse con seis (6) días hábiles de antelación á data de realización das eleccións, mediante envío por correo, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior; o envío indicará no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte, que custodiará esta documentación ata o día da votación.



3. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro (24) horas antes das votacións presenciais.”

Vinte e oito. Os números 1, 9, e 11 do artigo 45, *Escrutinio do voto por correo*, quedan redactados do seguinte modo:

“1. Constituída a mesa nas condicións establecidas no artigo 40, a presidencia procederá ao desprecintaxe das sacas e comprobarase a correspondencia entre os sobres e o censo electoral. Non se admitirán os sobres e votos daqueles electores que consten no censo electoral que votaron de forma presencial.

9. Concluídas as operacións, as persoas compoñentes da mesa asinarán a acta da sesión, na cal figurarán, obrigatoriamente, os seguintes datos:

a) Número de persoas electoras ás que se admitiu e notificou o seu dereito a exercer o voto por correo.

b) Número de votos emitidos.

c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.

d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.

e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

11. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación nunha sección denominada «procesos electorais» desde o día seguinte das votacións e durante dous días.”

Vinte e nove. A letra a) do número 4 do artigo 51, *Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva*, queda redactada do seguinte modo:

“a) O nome, DNI, enderezo electrónico e domicilio da persoa física ou denominación, CIF, enderezo electrónico e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome da representante legal con seu DNI.”

Trinta. O artigo 52, *Interposición dos recursos*, queda redactado do seguinte modo:

“Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse nos órganos federativos ou xuntas electorais que, se é o caso, adoptasen as actuacións, acordos ou resolucións que se pretenden impugnar. Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpoña o recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.”

Trinta e un. O artigo 53, *Tramitación dos recursos*, queda redactado do seguinte modo:

“Á tramitación dos recursos atribuídos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedemento administrativo común e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego



de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites que se axustarán ao disposto no presente decreto e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva.”

Trinta e dous. Engádese unha nova disposición adicional, coa seguinte redacción:
“Disposición adicional quinta. *Interpretación do concepto de “forza maior” do artigo 8 para os procesos electorais a celebrar durante o ano 2022*

Na celebración das eleccións das federacións deportiva galegas a desenvolver durante o ano 2022, e dadas as excepciónais circunstancias ocasionadas pola evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma, a referencia ás participacións nas competicións oficiais “nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións” do artigo 8.1.a), deberá entenderse realizada ás tempadas 2018/2019 e 2019/2020. Pola súa parte, e para o caso do estamento de entidades deportivas, á referencia do artigo 8.1.b) á “participación desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións”, deberá entenderse realizada aos anos 2018 e 2019.”

Trinta e tres. O Anexo I, *Modelo de papeletas e sobres de votación*, queda redactado do seguinte modo:

ANEXO I

Modelo de sobres de votación e papeletas

a) Sobre de votación.

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA.....

ESTAMENTO DE.....

ESPECIALIDADE DE (se é o caso).....

CIRCUNSCRICIÓN.....

Mesa electoral.....

Indíquese, cando corresponda, se a persoa electora está incluída nalgún dos seguintes supostos:

☐ Estamento de deportistas: deportista cualificado como deportista (galego/estatal) de alto nivel.

b) Sobre para a remisión do voto por correo.

Anverso:

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE

Enderezo:

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega



Reverso:

Nome e apelidos/Razón Social:

Estamento de:

Circunscrición:

Especialidade de (se é o caso):

Deportista de alto nivel:

c) Papeleta de votación.

VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACIÓN GALEGA DE

Especialidade (se é o caso):

Circunscrición:

Estamento:

Dou o meu voto ás seguintes candidaturas:

1.....	26.....
2.....	27.....
3.....	28.....
4.....	29.....
5.....	30.....
6.....	31.....
7.....	32.....
8.....	33.....
9.....	34.....
10.....	35.....
11.....	36.....
12.....	37.....
13.....	38.....
14.....	39.....
15.....	40.....
16.....	41.....
17.....	42.....
18.....	43.....
19.....	44.....
20.....	45.....
21.....	46.....
22.....	47.....



23.....	48.....
24.....	49.....
25.....	50.....

Trinta e catro. Engádesse o Anexo II, Solicitud de voto por correspondencia, coa seguinte redacción

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
VOTO POR CORRESPONDENCIA Á MEMBRO DA ASEMBLEA XERAL. PROCESOS ELECTORAIS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS		SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
CÓDIGO NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO



SOLICITA:

O exercicio do voto por correspondencia no proceso electoral á membro da Asemblea Xeral da Federación Deportiva Galega de:

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que solicita o exercicio do seu voto por correspondencia a membro da Asemblea Xeral polo **ESTAMENTO** de (marque unha opción):
 - ☐ Clubs
 - ☐ Deportistas
 - ☐ Técnicos
 - ☐ Xuices ou árbitros
 - ☐ Outros colectivos previstos nos estatutos federativos (especificar):
2. Que solicita o exercicio do seu voto por correspondencia a membro da Asemblea Xeral pola **ESPECIALIDADE DEPORTIVA** de:
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e na información que se rexistrará na Plataforma son certos.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa representante

**OPÓÑOME Á
CONSULTA**

o

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

**AUTORIZO A
CONSULTA**

NIF da entidade solicitante

o Si o Non

NIF da entidade representante

o Si o Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Presidencia da Xunta de Galicia-Secretaría Xeral para o Deporte
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos



Contacto coa persoa delegada de
protección de datos e máis
información

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas [(Diario Oficial de Galicia número 34, do 16 de febreiro)]

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

galicia

 **SEDE ELECTRÓNICA**
<https://sede.xunta.gal>

Este formulario só poderá presentarse nas
formas previstas na súa norma reguladora

Secretaría Xeral para o Deporte

Disposición derradeira. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor ao seguinte día da súa publicación no diario oficial de Galicia.